

ACTA DA COMISIÓN SELECCIONADORA PARA A VALORACIÓN DOS MÉRITOS PARA A PROVISIÓN CON CARÁCTER LABORAL TEMPORAL POR CONCURSO-OPOSICIÓN DE 1 PROFESOR/A DE GUITARRA CLÁSICA, 1 PROFESOR/A DE CLARINETE E UN PROFESOR/A DE ACORDEÓN PARA O CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DO CONCELLO DE MELIDE, MODALIDADE DE CONTRATO DE DURACIÓN DETERMINADA (OBRA OU SERVIZO DETERMINADO).

En Melide, a 7 de setembro de 2020, sendo as 10:30 horas, reúnense baixo a presidencia de María de la Paz Pita Vázquez os seguintes integrantes da comisión seleccionadora que se constitúe para valorar os méritos dos aspirantes para cubrir 1 PROFESOR/A DE GUITARRA CLÁSICA, 1 PROFESOR/A DE CLARINETE E UN PROFESOR/A DE ACORDEÓN PARA O CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DO CONCELLO DE MELIDE, MODALIDADE DE CONTRATO DE DURACIÓN DETERMINADA

Presidente: María de la Paz Pita Vázquez
Secretario: Nilo Jesús García Armas
Vogal: María Cruz Andrade García
M^a Teresa Buján Mosquera
Joaquín Vázquez Rodríguez

A presidenta declara constituída a comisión seleccionadora e aberto o acto acórdase proceder á valoración de méritos dos aspirantes presentados:

BAREMO DE MÉRITOS DO CONCURSO PARA PROVER, CON CARÁCTER LABORAL TEMPORAL POR CONCURSO-OPOSICIÓN, 1 PROFESOR/A DE GUITARRA CLÁSICA, 1 PROFESOR/A DE CLARINETE E UN PROFESOR/A DE ACORDEÓN PARA O CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DO CONCELLO DE MELIDE

A comisión seleccionadora á vista das bases da convocatoria formula a seguinte puntuación:

PUNTUACIÓN DE GUITARRA:	CURSOS GALEGO	CURSOS	SERVIZOS PRESTADOS	TOTAL
MIGUEL CARBAJO MARTÍNEZ	0	5.00	4.40	9.40

PUNTUACIÓN DE CLARINETE:	CURSOS GALEGO	CURSOS	SERVIZOS PRESTADOS	TOTAL
DAVID NOGUEIRA BALSEIROS	0	3.00	3.60	6.60
SPYRIDON FAKIOLAS	0	0	0	0

PUNTUACIÓN DE ACORDEÓN:	CURSOS GALEGO	CURSOS	SERVIZOS PRESTADOS	TOTAL
NOELIA GONZÁLEZ LÓPEZ	0	3.50	0.60	4.10

No que respecta á valoración dos méritos motívase do seguintes xeito:

a) No relativo á experiencia laboral no anexo II determínase que :

"Na fase de concurso valorarase o seguinte:

a) Por cada mes completo de servizos prestados en praza ou posto de similar ou análoga natureza á da praza convocada, acreditado cos contratos de traballo ou certificados das empresas xunto co informe de vida laboral: 0,2 por mes até un máximo de 3 puntos.

Non se computarán servizos inferiores a un mes, considerándose para estes efectos os meses de trinta días. Os servizos prestados a tempo parcial computaranse proporcionalmente. "

O criterio seguido pola Comisión para todos os aspirantes foi: Atender ao total de días indicado na columna da dereita de cada informe de vida laboral, denominada "Días", xa que este tipo de informes xa teñen en conta tanto o tempo de duración de cada contrato de traballo como a porcentaxe da xornada, establecendo a equivalencia final en días. A continuación o total de días dividiuse entre 30 dando como resultado os meses a computar, non computándose os servizos inferiores a un mes.

B) No que respecta á valoración dos cursos, xornadas, seminarios, etc. o ANEXO II apartado c) sinala: " (...) de formación relacionada co posto de traballo superados, homologados ou recoñecidos por escolas públicas de formación de persoal ao servizo das administración públicas, por administración públicas e por universidades".

O criterio seguido pola Comisión para todos os aspirantes foi: Ante a posible dúbida interpretativa sobre non utilizar o parágrafo c) de forma expresa a palabra "públicas" cando fala das "universidades", en aplicación do disposto no penúltimo parágrafo do apartado 5 das bases, a dita Comisión interpreta que cando se está a falar de cursos homologados ou recoñecidos estase a referir tamén a universidades públicas, polo que non se valorou a ningún candidato cursos, xornadas, seminarios, etc. procedentes de universidades privadas non homologados ou recoñecidos.

Lémbrese que conforme ao indicado no penúltimo parágrafo do apartado 5 das bases "A comisión seleccionadora resolverá todas as dúbidas que xurdan na aplicación das presentes normas, así como nos casos non previstos por estas."

A Comisión seleccionadora fai constar que conforme a base 6.4 das bases de selección deberán facer a proba de galego logo de superar a fase de oposición por non presentar o Celga 4 os seguintes aspirantes:

SPYRIDON FAKIOLAS

E non sendo outro o obxecto desta reunión, dáse por rematado o acto, convócase á comisión seleccionadora e aos aspirantes para a realización do primeiro exercicio correspondente á praza de 1 profesor/a de guitarra clásica o 8 de setembro ás 10:00 horas, para a praza de 1 profesor/a de clarinete o día 8 de setembro ás 11:00 horas e para as 12:30 horas a aspirante para 1 praza de profesor/a de acordeón, dispoñendo a presidenta que se redacte a presente acta que asinan os membros da comisión seleccionadora sendo as 12:15 h, do que eu, **SECRETARIA**, certifico.

A fase de oposición e a proba de galego celebrarase na CASA DA CULTURA MINGOS DE PITA.

Melide, 7 de setembro de 2020

A comisión seleccionadora.

